



**A administración electrónica na
Administración pública de Galicia
Principais indicadores**

2019

XUNTA DE GALICIA

[illegible]

Contido

INTRODUCCIÓN	4
PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA	7
1.1. Oferta.....	9
1.2. Demanda.....	15
1.3. Xestións electrónicas coa Administración	19
PRESENZA WEB E REDES SOCIAIS.....	24
OPEN DATA	28
USO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	32
CONCLUSIÓN.....	36

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2019

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento - Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

INTRODUCCIÓN



A administración electrónica ou e-Administración é o conxunto de solucións que permite á cidadanía e ás empresas poder relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos. Proporciona vantaxes para ambos, reducindo custes, facilitando o acceso aos trámites e aforrando tempo e recursos públicos.

A administración electrónica está a madurar, e as súas posibilidades xa se deixan ver en distintos servizos da Administración pública. Os rexistros electrónicos, a sinatura dixital, e, sobre todo, a posibilidade de iniciar un trámite a través de Internet, xa non constitúen unha novidade.

O desenvolvemento da administración electrónica nas administracións públicas tivo un fito salientable en 2016 coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Estas normas consolidan as anteriores Lei 30/1992, do 27 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. As normas marcaron unha folla de ruta para a consolidación dunha administración dixital, a cal no caso da Administración pública galega está plenamente aliñado co xa previsto no “Plan de Administración e Goberno Dixital. Horizonte 2020”.

O Plan de Administración e Goberno Dixital. Horizonte 2020, persegue culminar o traballo realizado nos últimos anos en materia de administración electrónica en Galicia e conseguir unha Administración que funcione integramente de maneira dixital. Co Plan, a Administración galega asume un papel de impulsor e dinamizador dos axentes sociais e económicos para seguir un proceso de mellora continua que permita a Galicia competir nun marco económico globalizado e manter a sociedade do coñecemento. A modernización da Administración debe ser entendida non só como acadar a Administración electrónica, senón nun sentido máis amplo, a Administración dixital fai uso das TIC para aportar valor á sociedade.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), como organismo autonómico encargado da xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións na administración autonómica, ten entre as súas misións servir de instrumento estratéxico para impulsar a modernización da Xunta de Galicia, empregando as TIC para incrementar a comunicación Administración-sociedade.

A Amtega expón neste informe a situación da e-Administración en Galicia ata a data do 31 de decembro de 2018, ademais dos datos evolutivos correspondente aos derradeiros cinco anos, comprendidos no período 2012 / 2017. Os datos amosados refírense aos principais indicadores tanto da oferta –procedementos dispoñibles na sede electrónica- como da demanda dos mesmo –o uso que os diferentes colectivos usuarios fan dos diferentes recursos dispoñibles-.



1.478 procedementos (95,9% do total) xa poden iniciarse de xeito electrónico, incremento do 10,4% respecto ao ano 2017.

473. 373 presentacións foron realizadas de xeito telemático a través da canle sede electrónica, o que supón un incremento do 90% respecto ao ano 2017.

1.

PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA



A través do Plan de Administración e Gobernos Dixitais. Horizonte 2020, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia propónse impulsar a Administración electrónica na Administración pública de Galicia.

A encargada de dar cumprimento ao dereito da cidadanía para comunicarse coas Administracións Públicas a través de medios electrónicos é a propia sede electrónica da Xunta de Galicia, a cal é de libre acceso a través da dirección <https://sede.xunta.gal>

A Sede Electrónica da Xunta de Galicia comezou a funcionar no ano 2011, e é unha canle fundamental na implantación da administración electrónica da Xunta de Galicia como punto común de referencia para a oferta de servizos electrónicos a cidadáns e empresas. Para garantir o cumprimento da normativa vixente e facilitar a utilización da canle electrónica estase a traballar na consolidación e simplificación da Sede, tanto funcional como tecnoloxicamente, para avanzar cara a unha oferta de servizos completa e segmentada, pero sempre poñendo énfase na calidade dos servizos ofertados.

No mes de febreiro de 2018 púxose en marcha unha nova Sede Electrónica da Xunta de Galicia, cunha estrutura renovada, que incorpora a carpeta das persoas xurídicas. A súa esencia é a de facilitar as relacións electrónicas da Xunta de Galicia con este colectivo obrigado ás relacións electrónicas atendendo as súas necesidades específicas. Incorpora tamén novas funcionalidades para a tramitación electrónica, e dá máis relevancia aos contidos de axuda e acceso ás canles de atención.

**A Sede
Electrónica
permite a
presentación por
medios
electrónicos de
calquera
documentación
que o cidadán
requira achegar á
administración**


Entre os servizos máis destacados da propia Sede atópanse o sistema de identificación e sinatura Chave 365, o nodo de interoperabilidade PasaXe!, a plataforma de sinatura dixital corporativa e notifica.gal entre outras.

A Sede Electrónica permite interactuar cos órganos da Administración Xeral da Xunta de Galicia a través de medios electrónicos, o que permite ao usuario facer as súas xestións en calquera momento e lugar.

No último ano, houbo 1.478 procedementos que puideron facerse de xeito electrónico, 139 procedementos máis que o ano anterior, o que supón o 95,9% respecto a totalidade de procedementos incluídos na guía de procedementos e servizos (1.542).

Permitiu que máis de 93.000 persoas interesadas distintas utilizaron a sede electrónica para a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións.

Gráfico 1. Evolución do nº total de procedementos que poden iniciarse de xeito electrónico



1.1. Oferta

Dende os seus inicios a Sede Electrónica é unha peza fundamental na implantación da administración electrónica da Xunta de Galicia como punto común de referencia para a oferta de servizos electrónicos a cidadáns e empresas.


A dispoñibilidade de trámites administrativos, accesibles de xeito dixital durante o 2018, acadou o 95,9%.



A dispoñibilidade de trámites administrativos vía electrónica no 2018 acadou o 95,9%

O 80,4% dos procedementos diríxense á cidadanía e ás empresas


Gráfico 2. Evolución da % total de procedementos que poden iniciarse de xeito electrónico



Fonte: AMTEGA

A maior oferta de procedementos diríxese ás necesidades da cidadanía (44,8%), ás empresas (35,6%) e a entidades sen ánimo de lucro (10,1%). Nun segundo plano atópanse os e-procedementos para a propia administración (9,2% entidades locais e 0,3% outras administracións).

Gráfico 3. eProcedementos segundo colectivo e perfil



Fonte: AMTEGA

Durante o ano 2018 desenvóléronse importantes novidades para achegar a administración electrónica á cidadanía e ás empresas. Cabe destacar a creación dun servizo de asistencia técnica para os usuarios, a videointerpretación para persoas xordas ou a impartición de formación específica sobre eadministración nas aulas CEMIT.

Tamén se produciron novidades relevantes no catálogo de portais en 2018, tanto novas iniciativas como actualizacións de iniciativas web que existían con anterioridade:



Sede electrónica. Nova versión da sede electrónica Xunta de Galicia que incorporou novidades como o acceso desde calquera dispositivo (incluídos teléfonos móbiles e tabletas), a ampliación da información dispoñible nas fichas dos procedementos e servizos, novos contidos de axuda e información segmentada por colectivos (cidadáns, empresas e profesionais, entidades locais ou asociacións e ONGs).

Data de publicación: febreiro. de 2018

<https://sede.xunta.gal>



Novo! Infoder.sergas.gal - Portal do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Portal de referencia para as operacións que, con encaixe nos programas PO FEDER Galicia 2014 - 2020 e nas Actuacións CPSO (Criterios e Procedementos de Selección de Operacións), desenvolven a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde no ámbito das TIC, infraestrutura se eficiencia enerxética.

Data de publicación: febreiro de 2018

<https://infoder.sergas.gal>



Novo! Tacgal. Portal do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal), órgano administrativo colexiado e especializado, adscrito á consellería competente en materia de facenda, que actúa con independencia funcional no exercicio das súas competencias para garantir a súa plena obxectividade.

Data de publicación: marzo de 2018

<https://tacgal.xunta.gal>



Novo! FEMP - Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Iniciativa web da Consellería do Mar para a difusión das axudas, documentación, boas prácticas... en proxectos xestionados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para contribuír á consecución dos obxectivos da Política Pesqueira Común (PPC), a Política Marítima Integrada (PMI) e á estratexia Europa 2020.

Data de publicación: marzo de 2018

<https://femp.xunta.gal>



Novo! Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX). Portal de referencia da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX), entidade que ten por obxecto garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas útiles que necesiten, en condicións de equidade, e promover a coordinación cos servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia, tanto na atención primaria como na atención especializada.

Data de publicación: abril de 2018

<https://xenomica.sergas.gal>



Deporte galego. Nova versión do portal de cabeceira da Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego, adaptada a dispositivos móbiles.

Data de publicación: xullo de 2018

<https://deporte.xunta.gal>



Novo! Rede de transporte público de Galicia. Portal de referencia da Rede de transporte público de Galicia con información de todos os servizos existentes actualmente e información sobre como realizar as reservas.

Data de publicación: xuño de 2018

<https://www.bus.gal>



Observatorio da Lingua galega. Nova versión do portal de cabeceira do Observatorio da Lingua Galega, organismo que ten por obxecto a análise da situación da lingua galega na sociedade, obtendo información cuantitativa e cualitativa acerca da presenza do galego nos distintos ámbitos mencionados e establecendo comparacións dos usos lingüísticos en diferentes ámbitos da sociedade.

Data de publicación: maio de 2018



Novo! Orzamentos 2019. Portal de difusión da Lei de Orzamentos de Galicia para 2019.

Data de publicación: novembro de 2018

<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2019>




No ano 2018 iniciouse electrónicamente a solicitude de tramitación de 1.308 procedementos administrativos diferentes en sede electrónica, o que supón un incremento de 128 procedementos no último ano

INICIO DE PROCEDEMENTOS NA SEDE ELECTRÓNICA

Ao longo do ano 2018 promovéronse 1.308 procedementos dende a Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o que supón un crecemento dun 9,8% respecto ao anterior.


Gráfico 4. Nº de procedementos que se inician na sede electrónica



Fonte: AMTEGA

O número de procedementos sobre os que existe a obriga de empregar a Sede Electrónica para presentar determinadas solicitudes foi de 508, incrementándose un 23,4% respecto ao ano 2017.


Gráfico 5. Nº procedementos con presentación electrónica obrigatoria



Fonte: AMTEGA

No último ano, a porcentaxe de procedementos con posibilidades de presentación electrónica para cidadáns e empresas incrementouse en 1,6 e 0,5 puntos porcentuais respectivamente.

Gráfico 6. Evolución da porcentaxe de procedementos con presentación electrónica segundo os seus destinatarios



Fonte: AMTEGA

Os
procedementos
relativos a
axudas e
subvencións
son os máis
implantados na
administración
galega




AXUDAS E SUBVENCÍONS



A práctica totalidade dos procedementos para obter axudas ou subvencións están dispoñibles de xeito electrónico, cun amplo 99,4% do total, o que supón que 520 axudas ou subvencións se poden solicitar a través da Sede. Son a tipoloxía de procedementos con maior implantación dixital na administración da Xunta de Galicia.

Gráfico 7. Evolución da porcentaxe de axudas e subvencións que poden iniciarse por vía electrónica



Fonte: AMTEGA

Este dato consolida a administración electrónica como ferramenta vital dentro da Administración pública galega coa finalidade de simplificar os trámites, reducindo a carga administrativa, os costes e sobre todo mellorando a eficiencia na atención aos usuarios.

1.2. Demanda


**O número de
entradas na
sede
electrónica
aumentou un
90% no último
ano**



Continúa a tendencia de incremento significativo do uso de medios electrónicos na relación con cidadáns, empresas e outras administracións públicas, motivado fundamentalmente pola aplicación da nova normativa no ámbito administrativo, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Este incremento quedará reflectido nos indicadores que se resumen a continuación.

Ao longo do 2018 o número de entradas na Sede Electrónica foi de 473.373, o que supón un incremento do 90 % respecto do ano 2017.


Gráfico 8. Evolución de número de entradas na sede electrónica



Fonte: AMTEGA

O número de visitas da páxina <https://sede.xunta.gal> foi de 2.379.187, rexistrando unha media mensual de 81.185 visitantes distintos.


Gráfico 9. Evolución do número de visitas na páxina sede.xunta.gal




Fonte: AMTEGA

Durante o ano 2018, o 68,2% dos internautas galegos interaccionaron coas administracións ou servizos públicos por Internet, por motivos particulares, nos últimos 12 meses:

Mapa 1. Interacción coas administracións ou servizos públicos por Internet, por motivos particulares, nos últimos 12 meses





CARPETA DO CIDADÁN

A carpeta cidadá é o conxunto de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas dos interesados coa Xunta de Galicia. A través do seu espazo persoal "A miña sede" os usuarios poden acceder á información da súa carpeta cidadá.

A carpeta cidadá é o eixo da información administrativa de cada cidadán e empresa, accesible a través de "A miña sede", e contén:

- Información referente aos trámites administrativos, como documentos que presentou no rexistro electrónico e os xustificantes de presentación, e os expedientes nos que o usuario consta como persoa interesada e os documentos relacionados.
- Os borradores, que son os formularios e documentos que o usuario está preparando e ten pendentes de presentar no rexistro electrónico.



A Chave365 é o sistema que permite aos cidadáns maiores de idade identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Con Chave365, a persoa usuaria identifícase co seu NIF e clave persoal e asina electronicamente cun código, único para cada operación, que recibe no seu teléfono móbil a través dun sms.

A fin de 2018, 118.689 cidadáns eran usuarios do sistema de identificación e sinatura Chave365. E ao longo do ano o 17% das presentacións en sede electrónicas utilizaron este sistema de identificación e sinatura.



Chave365 pode utilizarse:

- Para a firma de documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia
- Para acceder ao servizo de notificacións electrónicas das administracións públicas galegas (Notifica.gal).
- En diversos servizos do ámbito do medio rural: xestión de aproveitamentos de madeira en terreos privados, ordenación e xestión forestal e información das parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia.
- A través de É-Saúde, a ferramenta do Sergas de comunicación coa cidadanía. A través do Expediente-e tamén permite o acceso aos datos persoais e á consulta sobre os procesos de selección para as/os profesionais do Sergas.

1.3. Xestións electrónicas coa Administración



En 2018

realizáronse máis de 6,5 millóns de consultas de interoperabilidade, cun incremento do 82,5% con respecto ao ano 2017.

A redución de cargas administrativas da cidadanía continúa a ser un dos principais obxectivos da eAdministración. A eliminación da obriga da presentación de documentos, así como a substitución dos mesmos por consultas de interoperabilidade afiánzase a través de portais específicos, como PasaXe!

O nodo de interoperabilidade PasaXe! constitúese como unha plataforma tecnolóxica e organizativa de intercambio de datos e documentos, entre diferentes Administracións públicas (estatal, autonómica, local), orientada a facer efectivo o dereito do cidadán de non achegar datos e documentos que obren xa en poder de calquera Administración pública e mellorar a eficiencia na xestión administrativa.

Este nodo, que dispón de 54 servizos de intermediación, rexistrou no ano 2018 máis de 6,5 millóns de consultas, fundamentalmente dende a propia administración autonómica, pero tamén dende as entidades locais galegas e dende outras administracións do estado. Isto representa un incremento do 82,5% respecto ao ano 2017.

Táboa 1. Total consultas en servizos de interoperabilidade

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total consultas	172.012	322.063	189.608	1.846.610	2.428.059	3.587.739	6.549.093

Fonte: AMTEGA

Este aumento produciuse en practicamente todos os servizos de interoperabilidade, destacando os desenvolvidos no Ministerio de Xustiza e na Axencia Estatal de Administración Tributaria como os máis utilizados:

Táboa 2. Evolución dos servizos de Interoperabilidade

	2014	2015	2016	2017	2018
Dirección Xeral da Policía	130.395	474.852	466.630	452.797	498.655
INE	18.862	24.776	44.926	56.992	78.507
Dirección Xeral do Catastro	23.193	46.332	42.171	42.021	74.277
Tesourería Xeral da Seguridade Social	2.002	29.940	53.440	80.989	79.552
Instituto Nacional da Seguridade Social	25	1.831	11.251	16.337	39.431
Servizo Público de Emprego Estatal	45	3.295	5.321	14.023	40.844
Ministerio de Xustiza	230	693.214	760.357	1.890.012	4.088.297
Axencia Estatal de Administración Tributaria	14.856	570.077	1.011.387	980.010	1.503.434
Ministerio de Educación	0	707	1.833	30.899	42.287
Instituto de Maiores e Servizos Sociais	NA	13	10	104	256
Consello Xeral do Notariado	NA	NA	NA	14	0
Axencia Tributaria de Navarra	NA	0	0	0	13
Ministerio de Facenda e Administracións Públicas	NA	293	187	413	2.160
Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións	NA	NA	NA	0	0
Xunta de Galicia	NA	1.280	30.546	39.875	62.502

Fonte: AMTEGA

NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Notifica.gal é o Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia para o envío de notificacións a cidadáns, empresas e outras administracións de xeito máis áxil, eficiente, sen custo e coas mesmas garantías xurídicas que as notificacións en papel. Implantouse aplicando políticas de racionalización de custos, reutilización de sistemas e impulso do software libre. En 2018 puxéronse a disposición das persoas interesadas máis de 325.000 notificacións na plataforma notifica.gal

**Case 18 mil
empregados
públicos contan
con tarxeta
intelixente para a
identificación e a
sinatura electrónica
na plataforma
corporativa
incrementouse nun
60% no último ano**

Tamén ao longo do 2018 realizáronse máis de 20 talleres divulgativos aos empregados públicos acerca das últimas novidades e se desenvolveron 13 actividades de formación continua na EGAP que contiñan un módulo de Notifica.gal

Para a relación coas entidades locais, utilizan Notifica.Gal 92 concellos de Galicia que no ano 2018 enviaron máis de 19.000 notificacións.


No ano 2018 tamén se avanzou na adaptación e mellora do sistema de tramitación transversal (w@nda), que permitirá a tramitación electrónica integral naqueles casos nos que non hai ou non procede a existencia dun tramitador específico, que está integrado con todos os compoñentes transversais (sede, arquivo, notificacións, rexistro, PasaXe!...), o que supón a tramitación plenamente dixital. A finais de 2018, 10 procedementos que acadaron no seu conxunto 27.752 expedientes tramitados.

IDENTIFICACIÓN E SINATURA ELECTRÓNICA EN EMPREGADOS PÚBLICOS

O medio físico no que se materializa a identidade dixital do empregado público é unha tarxeta intelixente, e quen dispón desta tarxeta pode facer uso dela para o seu traballo cotiá: identificación física, control de horario do persoal, control de acceso a áreas de acceso restrinxido, identificación dixital etc.

Durante 2018, 17.728 persoas contaban con tarxetas intelixentes de empregado público para a identificación e a sinatura electrónica.

Gráfico 10. Evolución Nº de empregados públicos con tarxeta intelixente para a identificación e sinatura electrónica



Fonte: AMTEGA


Táboa 3. Nº de empregados públicos con tarxeta intelixente para a identificación e sinatura electrónica

Ámbito	Nº persoal acreditado	% sobre o total
Administración Xeral	14.644	90,14%
Administración de xustiza	3.255	100,0%
TOTAL	17.899	91,79%

Fonte: AMTEGA

En 2018 asináronse electronicamente máis de 2,7 millóns de documentos a través da plataforma corporativa de sinatura, o que supón un incremento do 60% respecto ao ano anterior.

Gráfico 11. Evolución dos documentos asinados electronicamente



Fonte: AMTEGA

Durante 2018 avanzouse na dixitalización das comunicacións internas da administración pública, a través da implantación do sistema de envío electrónico de documentación a outras unidades administrativas integradas no Sistema Único de Rexistro e a calquera administración integrada en SIR.

Deste xeito, os envíos de documentos que requiren dunha anotación no rexistro para deixar constancia do envío poden realizarse electronicamente desde as unidades remitentes, facilitando o movemento electrónico interno dos documentos, evitando o uso de papel, reducindo o traballo adicional nas oficinas de rexistro e garantindo a posta a disposición do envío de xeito inmediato na unidade destinataria.

No ano 2018 superáronse os 5.800 usuarios no sistema de envío e recepción electrónica do Sistema Único de Rexistro, e realizáronse 33.525 envíos coa nova funcionalidade, 26.656 a outras unidades integradas no Sistema Único de Rexistro e 6.869 a outras administracións integradas co Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). O proceso de implantación foi acompañado das actividades de formación necesarias.




2.

PRESENZA WEB E REDES SOCIAIS

A presenza da administración pública galega en Internet ven crecendo ano a ano de forma moi importante.

O portal web institucional da Xunta de Galicia, referente dos servizos da Administración pública galega en Internet, recibiu en 2018 un total de 6.762.352 visitas de 214.220 visitantes distintos, que viron máis de 17,5 millóns de páxinas.

Gráfico 12. Visitas ás principais páxinas da Xunta



Fonte: AMTEGA

Visitas recibidas polos principais portais institucionais

xunta.gal

- 6.762.352 visitas

sede.xunta.gal

- 2.379.187 visitas

eidolocal.gal

- 335.808 visitas

intranet.xunta.gal

- 5.413.739 visitas

xunta.gal/diario-oficial-galicia

- 5.282.277 visitas

contratosdeg Galicia.gal

- 705.645 visitas

amtega.xunta.gal

- 81.292 visitas

abertos.xunta.gal


- 26.468 visitas

Fonte: AMTEGA

REDES SOCIAIS

Un ano máis, incrementáronse o número de iniciativas a través das redes sociais, co fin de promover canles de participación para mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo.

Gráfico 13. Evolución do catálogo de redes




Fonte: AMTEGA



As iniciativas a través das redes sociais da Administración galega aumentaron un 2,8% respecto ao 2017

A continuación amósase a situación actual respecto da distribución das redes sociais por departamentos e organismos dependentes a decembro de 2018.

Gráfico 14. Procedencia das redes sociais




Fonte: AMTEGA



En decembro do 2018, o catálogo de redes sociais da Administración galega en Internet ascende a un total de 293 iniciativas de redes sociais, que suman un total de 1.521.685 seguidores, un 12% máis que no 2017.

A continuación, obsérvase o gráfico da distribución actual das iniciativas por canle:


Gráfico 15. Distribución de iniciativas por canle



Fonte: AMTEGA

Facebook, Twitter e YouTube son as canles máis empregadas, xuntas representan 1.521.685 seguidores, o 98,03 % do total. O gráfico recolle a evolución total do número de seguidores nas redes sociais da Administración xeral de Galicia:.

Gráfico 16. Evolución do nº total de seguidores nas redes sociais da Administración xeral de Galicia e entidades instrumentais do sector público



Fonte: AMTEGA

3.

OPEN DATA

O Open Data ten como obxectivo promover a posta a disposición pública de datos de xeito que poidan ser facilmente consultados, redistribuídos e reutilizados libremente por calquera que o desexe, gardando en todo momento a debida privacidade e seguridade da información.

Estes datos xestionados e postos a disposición polos organismos do sector público, están dispoñibles para ser explotados tanto por parte de persoas físicas, como xurídicas, xa sexa con fins comerciais ou non comerciais.

O portal de Abert@s é a iniciativa da Xunta de Galicia para impulsar a apertura de datos en todos os organismos do sector público rexional e promover a súa reutilización, permitindo calquera uso dos mesmos sempre que se respecten as condicións de uso establecidas.


O catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, accesible desde o portal Abert@s <http://abertos.xunta.gal>, renovou a súa versión no ano 2017. Como novidade, respecto do portal anterior, incorporou unha renovación gráfica, a mellora da compatibilidade con dispositivos móbiles e a navegación do catálogo con taxonomía temática corporativa de segundo nivel.

En canto ao catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, 2018 acada un total de 355 dataset, incorporando 5 novos grupos de datos.



**Abert@s
incrementou 5
novos grupos de
datos no último
ano**

Gráfico 17. Evolución Nº grupos de datos disponibles (dataset)



Fonte: AMTEGA

Ao analizar este grupo de datos disponibles segundo a súa área temática especializada, a distribución é a seguinte.


Táboa 4. Distribución do número de dataset segundo área temática



Fonte: AMTEGA

No que respecta ao número de descargas, o portal acumula 54.113 desde a súa publicación en 2012, 9.365 no ano 2018.

Gráfico 18. Evolución Nº de descargas de datos



Fonte: AMTEGA

O obxectivo final da plataforma é lograr a publicación da maior cantidade posible de datos, empregando formatos estruturados, preferiblemente non propietarios e procesables de forma automática.

Canto mellor estruturados e enriquecidos estean os datos máis doada será a súa reutilización e a construción de aplicacións para o seu tratamento automatizado. O uso de formatos estándar abertos permitirá que os datos sexan tratados con diversos tipos de ferramentas sen necesidades de ter que adquirir licenza de uso.

Entre os formatos abertos máis comúns en que se distribúen os datos destácanse os seguintes, incluíndo o seu número de descargas no ano 2018:

Táboa 5. Número de descargas segundo formato de descarga

2.891	•CSV
2.733	•Calendario
1.486	•XLS-XLSX
302	•KML-KMZ
186	•PDF
125	•RSS
87	•WMS
1.555	•Outros

Fonte: AMTEGA

4.

USO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

A aplicación das TIC á Administración pública ten moitas vantaxes para os cidadáns, dende o fácil acceso á información ata a realización das tarefas sen horarios. Tamén resulta fundamental para a simplificación dos procesos administrativos, reducindo as cargas de traballo, os tempos de xestión e minimizando o uso do papel respecto á administración tradicional.

A Comisión Europea define a Administración electrónica como:


“O uso das TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) nas AAPP (Administracións Públicas), combinado con cambios organizativos e novas aptitudes, co fin de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e reforzar o apoio ás políticas públicas”.

Para unha mellor análise da interacción da cidadanía coas Administracións na rede, existen tres indicadores básicos:

- Obtención de información
- Descarga de formularios oficiais
- Envío de formularios oficiais


A estandarización destes indicadores fai posible a súa comparativa a niveis autonómico, nacional e europeo, destacando Galicia no ano 2018 en calquera deles.

Gráfico 19. Evolución % de persoas que contactaron coas administración ou servizos públicos por Internet para obter información nos derradeiros 12 meses




Fonte: AMTEGA, a partir de datos IGE, INE e Eurostat

Gráfico 20. Evolución % de persoas que contactaron coas administración ou servizos públicos por Internet para descargar formularios nos derradeiros 12 meses



Fonte: AMTEGA, a partir de datos IGE, INE e Eurostat

Gráfico 21. Evolución % de persoas que contactaron coas administración ou servizos públicos por Internet para enviar formularios nos derradeiros 12 meses




Fonte: AMTEGA, a partir de datos IGE, INE e Eurostat

No referente ao uso das empresas, pódense analizar igualmente os mesmos tres indicadores básicos, coñecendo así máis en profundidade a interacción coas Administracións Públicas.

No 2018 o 93,3% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, e o 92,1% destas empresas con sede en Galicia, tiveron algún tipo de interacción coa Administración, superando no primeiro caso os datos a nivel nacional.


Gráfico 22. Evolución % de empresas de 10 ou máis traballadores/as que interactuaron coas Administracións Públicas



Fonte: AMTEGA, a partir de datos INE

No caso da comparativa entre indicadores específicos, a porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia que interactuaron coas Administracións públicas a través da rede foi superior en Galicia que no resto do territorio nacional.

Gráfico 23. % de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia na súa interacción coas Administracións Públicas e comparativa coa media estatal



Fonte: AMTEGA, a partir de datos INE

5.

CONCLUSIÓN

-  No ano 2018 poden iniciarse electronicamente 1.478 procedementos, o 95,9% do total, o que consolida á sede electrónica como a canle fundamental de referencia para o acceso aos servizos públicos dixitais.
-  Os esforzos realizados permitiron que durante 2018 se incrementase nun 90% o número de presentacións telemáticas, superando as 473 mil.
-  Os procedementos relativos a axudas e subvencións son os máis implantados na administración galega
-  O número de visitas da páxina <https://sede.xunta.gal> en 2018 foi de 2.379.187, rexistrando unha media mensual de 81.185 visitantes distintos.
-  O recente servizo Notifica.gal se implantou aplicando políticas de racionalización de custos, reutilización de sistemas e impulso do software libre. En 2018 puxéronse a disposición das persoas interesadas máis de 325.000 notificacións na plataforma notifica.gal
-  No 2018 realizáronse máis de 6 millóns de consultas de interoperabilidade entre distintas Administracións Públicas, o que supón un incremento do 82,5% respecto ao ano anterior.
-  As identidades dixitais para os traballadores dos servizos públicos en Galicia tamén se incrementaron notoriamente, de modo que contan con identificación dixital un total de 17.728 traballadores/as da administración.

 O portal web institucional da Xunta de Galicia, referente dos servizos da Administración pública galega en Internet, recibiu en 2018 un total de 6.762.352 visitas de 214.220 visitantes distintos, que viron máis de 17,5 millóns de páxinas

 O catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, accesible desde o portal Abert@s <http://abertos.xunta.gal>, renovou a súa versión no ano 2017. Como novidade, respecto do portal anterior, incorporou unha renovación gráfica, a mellora da compatibilidade con dispositivos móbiles e a navegación do catálogo con taxonomía temática corporativa de segundo nivel